

Recomendacións ao concello de Culleredo de nomear tribunais paritarios nos procesos selectivos e entregar a folia autocopiativa das probas test ás persoas participantes unha vez rematado o exame.

Expediente: A.4.Q/2329- 2353- 2368-  
2452- 2454- 2468- 2493/23

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2023

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención varios opositores para as probas de Policía Local nese concello.

#### ANTECEDENTES

Na súa queixa sinalan a súa desconformidade co desenvolvemento do proceso selectivo para policía locais que leva a cabo ese Concello e, en concreto, polos resultados obtidos no mesmo. No seu escrito , esencialmente, indícanos que:

- 1) *O Tribunal non se axustaba aos criterios dispostos nas normas vixentes, especialmente no que atinxe a profesionalidade, paridade e á figura do Secretario do mesmo.*
- 2) *Que no desenvolvemento da proba se tiña producido un feito que a invalidaba ao non terse repartido a folia autocopiativa ao final da mesma*
- 3) *Que o procedemento estaba baixo sospeita de nulidade por ocupar os primeiros postos da listaxe de aprobados persoas vinculadas en primeiro grao a policía locais de Culleredo. Concretaba vostede distintas cuestións en relación ao rendemento anterior noutras convocatorias dunha das persoas aprobadas.*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu constanding dita información dun amplo resumo do expediente en cuestión incluíndo:

- 1) *Histórico do proceso en relación á aprobación das Bases*
- 2) *Resolución do nomeamento do Tribunal*
- 3) *Actas do Tribunal*

4) *Resolución dos recursos de reposición presentados*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

a) Respecto da composición do Tribunal

PRIMEIRO. A Xunta de Goberno Local do concello de Culleredo aprobou, o 6 de xuño de 2022, as Bases para a convocatoria do proceso selectivo e provisión de postos “Policía local (4 acceso libre e 1 concurso)”.

O BOP número 244 de 27 de decembro de 2022 publicou a listaxe das 188 persoas admitidas ao proceso selectivo convocado por ese concello para catro prazas de policía local pola quenda libre, así como as catro persoas admitidas ao proceso de concurso. Figuran tamén a lista das nove persoas excluídas.

No mesmo BOP publícase a composición nominativa do Tribunal formado por dez persoas - cinco titulares e cinco suplentes- cos seguintes cargos: presidencia (1), vogais (3) e secretaría. A Resolución publicada contiña o pé de recursos informando ás persoas interesadas dos seus dereitos. Segundo se informa, a composición do Tribunal non foi recorrida.

Do exposto no informe dedúcese que:

- Todas as persoas forman parte do persoal funcionario de carreira dunha administración local
- Dúas (todas vogais) son policías locais, o que garante o coñecemento técnico da materia mentres outra vogal así como as persoas designadas para presidencia e secretaría pertencen ao grupo de titulación A1/A2, garantindo que todas contan con titulación igual ou superior ao posto convocado.

En todo caso cómpre lembrar que o temario esixido ás persoas participantes no proceso selectivo non se limitaba a coñecementos arredor das tarefas policiais senón que dividíase da seguinte maneira:

- Temas 1-16 ambos inclusive. Dereitos e deberes de cidadanía, Constitución Española, organización do Estado, competencias de ámbito local
- Temas 17-32 ambos inclusive. Leis de policía. Delitos. Regulación do tráfico e seguridade viaria.
- Temas 34-38 ambos inclusive. Demografía e socioloxía galega. Igualdade de oportunidades. Dereitos en democracia
- Temas 39 e 40: papel da policía en democracia.

SEGUNDO. A Resolución publicada o 27 de decembro nomea Secretario titular do Tribunal á persoa que ostentaba a Secretaría Xeral accidental do concello de Culleredo. Alégase por parte das persoas interesadas a inconveniencia de dito nomeamento por tratarse da persoa que ocupa a Xefatura de Gabinete de Alcaldía. Segundo se informa, a persoa en cuestión é funcionario de carreira e ocupa a Secretaría accidental do concello en ausencia da persoa titular co coñecemento e aceptación da Corporación municipal e das administracións competentes.

Non cabe dúbida de que un dos elementos esenciais da credibilidade dunha selección para o acceso ao emprego público aséntase na imparcialidade, independencia e obxectividade dos órganos de selección. E non só nesas calidades senón na percepción que das mesmas teñan as persoas participantes nos procesos selectivos. No que atinxe á independencia, o EBEP supuxo un avance significativo ao dispoñer que o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A independencia supón unha esixencia de autonomía fronte a posibles inxerencias tanto de instancias de goberno, como doutro tipo, como poidan ser corporativas ou sindicais.

Queda fora de toda dúbida a capacitación profesional da persoa nomeada para a presidencia titular e non se discute a súa lexitimidade para desenvolver a tarefa da Secretaría Municipal accidental. Porén, atendendo ao feito de que se encarga da Xefatura do Gabinete de Alcaldía, é incuestionable o seu vínculo de confianza co goberno local o que pode afectar á percepción da súa independencia á hora de actuar como membro dun órgano de selección.

TERCEIRO. Segundo figura na Resolución publicada o día 27 de decembro o tribunal está composto por dez persoas, seis homes e catro mulleres, respectando, así a composición equilibrada entre homes e mulleres. Porén, avaliando a composición diferenciando entre titulares e suplentes cómpre subliñar que só unha das mulleres é titular figurando as outras tres como suplentes. As persoas reclamantes sinalan este feito como un dos motivos de nulidade; porén cómpre lembrar que non se presentou recurso algún fronte ao nomeamento do tribunal.

Alega a administración no seu informe que tanto o TREBEP como a Lei de emprego público de Galicia e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres sinalan que “debe tenderse á paridade” nos órganos de selección. Alega, así mesmo, o contido dunha sentenza do Tribunal Supremo na que se sinala, respecto dunha comisión de selección non paritaria, “(...) *Ciertamente en la propia convocatoria ya se relacionaban e identificaban a los miembros de la Comisión de selección, y se advertía fácilmente que había cuatro hombres y una mujer en la comisión titular, y tres hombres y una mujer en la comisión suplente, sin que el recurrente opusiera reparo alguno (..)*”. Sinálase, tamén, que a composición debe ser equilibrada agás que *existan razóns fundadas e motivadas* en contra.

Da análise dos nomes e postos das persoas que forman parte do tribunal, este aparece basicamente composto por policía locais e xefes/as de servizo. Xa que logo, non parece que resultara unha tarefa especialmente complexa seleccionar funcionarias dos grupos precisos para formar parte do tribunal como titulares do mesmo.

A lei pide equilibrar nomeamentos en postos directivos a todos os niveis, realizar informes de xénero en todas as convocatorias e normativas que se realicen, pero tamén formación e outras que persigan o obxectivo de ir reducindo as fendas de xénero. Para elo é imprescindible que as administracións cumpran os requirimentos legais, mesmo cando non exista a obriga taxativa.

b) Respecto do desenvolvemento da proba

As persoas interesadas sinalan que no artigo 7.1 das Bases específicas do procedemento dispónse o seguinte: “(..) *O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes. O tribunal excluírá a aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a. Cando finalice entregaráselle a cada aspirante a folla autocopiativa do seu exame. O cadro coas respostas correctas publicárase no mesmo lugar en que se realizou e no portal web do Concello*”. Pero que no inicio de dita

proba un membro do tribunal dixo diante de todas as persoas participantes que *“al final, no se os va a entregar esta hoja comprobante debido a temas logísticos”* sen aportar ningún outro tipo de explicación coherente.

Admítese esta circunstancia no informe municipal. Así, na propia Acta do tribunal do día 27 de xaneiro de 2023 reflíctese que: *“(..) Trala valoración por parte do Tribunal considerouse que por razóns técnicas sería dificultoso e complexo a entrega da mesma (da folla auto copiativa), polo que se acorda que poderán levarse os exames cas preguntas nas que poden anotar o que consideren e que o cuestionario coas respostas correctas sexa publicada na páxina web do (..)”*

O principio de transparencia resulta esencial nas convocatorias de procesos selectivos de emprego público. Dita transparencia entraña hoxe en día esixencias adicionais á publicación oficial da convocatoria e as súas bases. Así, unha das cuestións que durante anos foron máis controvertidas e esixidas polas persoas participantes, a transparencia en canto ás preguntas e ás respostas realizadas polos opositores, quedou practicamente resolta ao aceptarse, comunmente, o dereito a coñecer a plantilla e a obter unha copia do exame realizado.

Efectivamente, a utilización de follas autocopiativas na plantilla a cubrir polas persoas opositoras garante que se conserve de maneira fidedigna as respostas elixidas. É, como se dixo, unha práctica común, aceptada e compartida polo conxunto de administracións públicas. De feito así estaba recollido nas Bases publicadas polo concello para a realización do proceso selectivo obxecto desta queixa.

Alega o tribunal na acta remitida a esta institución que por razóns *“técnicas sería dificultoso e complexo a entrega da mesma (..)”*. Non se aclara cal ou cales serían esas dificultades pero o certo é que a substitución da folla autocopiativa pola do cuestionario do exame non contribúe a dotar de credibilidade e transparencia o proceso. É precisamente o feito de que a folla sexa auto copiativa o que lle aporta a garantía para a persoa opositora.

Cómpre lembrar que o dereito de toda a cidadanía de acceder ao emprego público nas condicións esixidas pola nosa Constitución e evitar procedementos de selección nos que poida primar a subxectividade forma parte do cerne da administración pública. Non se pode esquecer que a relación entre o principio de igualdade no acceso ao emprego público e a propia democracia é máis profunda do que poida parecer a simple vista e que calquera dúbida sobre a calidade e xustiza dos procedementos afectan ao crédito social do conxunto do sistema de emprego público. Polo tanto as administracións deben extremar as cautelas e garantir non só a obxectividade dos procesos senón a percepción desa obxectividade por parte das persoas participantes.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello as seguintes **recomendacións**

***Procurar, en futuros procesos selectivos, que os tribunais contén cun número de mulleres e homes equilibrado, especificamente nas persoas titulares.***

***En futuros procesos selectivos entregar a folla autocopiativa da plantilla do seu exame a cada persoa participante na proba.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo